<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>A organización básica das ensinanzas (grandes módulos, número mínimo de créditos, descritores, competencias, etc.) está fixada na Orde ECI/3858/2007, e a súa concreción faise na Memoria de Verificación do Título (apartado 5 sobre "Planificación das ensinanzas").</p> <p>Esta planificación mostra unha gran complexidade por mor de distintos factores: a) a existencia de diversas especialidades (6 en Santiago e 3 en Lugo) e itinerarios (11 en Santiago e 3 en Lugo); b) a diferenciación entre distintos módulos que requiren criterios organizativos diferentes: módulo de materias comúns, módulo específico de complementos de formación disciplinar e módulo de materias sobre didácticas específicas; c) a realización de dous períodos de prácticas externas en centros de secundaria de toda Galicia; d) a xestión, dirección e avaliación dos Traballos de fin de máster dun número tan elevado de estudantes, e e) a participación na docencia do Máster dun número moi elevado de profesorado pertencente a moi diversas áreas de coñecemento.</p> <p>Malia a complexidade sinalada, a planificación das ensinanzas prevista na Memoria do título estase desenvolvendo de xeito bastante satisfactorio: o calendario e horarios son públicos e cúmprense con rigor, a docencia foi atendida na súa totalidade polo profesorado que a tiña asignada, a relación cos centros e titores de prácticas funcionou correctamente, o proceso de elaboración, defensa e avaliación dos Traballos de fin de máster resolveuse segundo as previsións nas distintas convocatorias, etc.</p> <p>Débase indicar, porén, que estes resultados só foron posibles por unha dedicación e dispoñibilidade moitas veces por riba do esixible por parte da coordinación e da maior parte do profesorado, polo que é necesario reiterar algunhas debilidades xa citadas en anteriores informes e aínda non resoltas satisfactoriamente, sinaladamente no que toca ao Prácticum e ao Tráballo de fin de máster. Para o primeiro, conseguir unha actualización fiable por parte da Consellería de Educación dos centros e titores acreditados, e, para o segundo, reclamar un maior recoñecemento docente para o labor de dirección e estudar a posibilidade de fórmulas alternativas para a defensa deses traballos.</p> <p>A reflexión recollida nos parágrafos anteriores derívase do contraste entre a complexidade organizativa das ensinanzas e o desenvolvemento académico cotián. A apreciación que facilitou o alumnado na avaliación realizada pola Coordinación do Máster no curso 2012-2013 ofrece unha visión máis complexa que necesita unha análise máis detida, pero na que subliñamos os seguintes datos (escala de 1 a 5:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coordinación: satisfacción no que se refire á coordinación xeral (3,83), pero insatisfacción na coordinación da docencia, especialmente no módulo común (2,13) e en menor medida nos específicos (2,79).</li> <li>- Docencia das materias: satisfacción global aceptable coas do bloque específico (3,4) e menor coas do módulo común (2,85). E algo similar sucede coa contribución á formación como docente (3,53 e 2,79, respectivamente).</li> <li>- Os aspectos mellor valorados tanto nas materias comúns como nas específicas son o cumprimento do horario por parte do docente (4,28 e 4,63, respectivamente), a dispoñibilidade e atención do docente (3,82 e 3,96), e a participación do alumnado na dinámica da materia (3,44 e 3,88). Tamén se sitúan na banda positiva da escala a adecuación do sistema de avaliación (3,41 e 3,8), a organización e claridade nas exposicións do docente (3,2 e 3,42) e a xustificación do programa (3,24 e 3,26). O indicador máis negativo é o da coordinación dentro da mesma materia cando é compartida por varios docentes (2,46 no módulo común e 2,62 no específico)</li> </ul> <p><b>Síntese valorativa:</b></p> <p><b>En función do exposto, e poñendo en relación as dificultades obxectivas e os resultados acadados, a valoración global deste criterio situámola globalmente en suficiente, pero con algúns aspectos que se poden considerar satisfactorios e outros que hai que valorar como insuficientes.</b></p>							



Finalmente, ofrécese unha breve descrición das accións levadas a cabo en relación coas propostas de mellora dos cursos 2010-2011 e 2011-2012 e que estiveron centradas fundamentalmente na coordinación, unha das debilidades máis claras e máis difíciles de abordar polas dimensións do Máster:

**Propostas de mellora formuladas no informe do curso 2010-2011:**

*1.- Mellorar a coordinación entre os distintos bloques do Máster e dentro de cada especialidade.*

A iniciativa e a responsabilidade inmediata correspondeulle á Coordinación do Máster.

Concretouse en dúas reunións realizadas ao longo do curso 2011-2012: unha para informar o profesorado do módulo común ao dos módulos específicos sobre os programas das súas materias (24/01/2012) e outra sobre o Traballo de fin de Máster (14/02/2012). Serviu para iniciar o proceso de discusión, pero deberá continuarse.

*2.- Mellorar a coordinación no Prácticum entre a Facultade e os centros de prácticas.*

Responsable: Coordinación e Comisión Académica do Máster.

Leváronse a cabo tres iniciativas:

- a) Reunión cos coordinadores do Prácticum nos centros que reciben alumnado do Máster, Realizouse o 25/10/2012 na Facultade de Ciencias da Educación, pero con escasa participación. Serviu para informar sobre cuestións organizativas e para consensuar unhas instrucións que despois se remitirían a todos os centros de prácticas.
- b) Enquisa de valoración do funcionamento do Prácticum por parte dos titores. Foi contestada polo 71% e permitiu ter un coñecemento global do nivel de satisfacción. Nunha escala de 1 a 5 os resultados foron os seguintes: adecuación do calendario = 3,71; información facilitada desde a coordinación do Máster = 4,04; relacións co titor-supervisor da universidade = 3,31; facilidades no propio centro para desenvolver o seu labor = 4,76; actitude do alumnado en prácticas = 4,89; satisfacción global = 4,44.
- c) Solicitud de mellora á Consellería de Educación do sistema de acreditación de centros e titores de prácticas. Conseguiuse incorporar o procedemento á plataforma XADE, pero os resultados de momento non son satisfactorios.

*3.- Definir con claridade o formato e os criterios de avaliación dos Traballos de Fin de Máster*

Responsable: Comisión Académica do Máster.

Resultados: Mellora satisfactoria no nivel de conceptualización, na definición do protocolo de asignación de titores, de elaboración e de defensa do TFM e na formulación de criterios de avaliación a través da Guía da materia. Persisten algúns desaxustes na interpretación e na aplicación, malia a diversas sesións de traballo realizadas co profesorado

*4. Abrir un debate sobre a especialidade de Orientación Educativa.*

Responsable: Comisión Académica do Máster.

Estado: Proceso culminado coa elaboración dun novo plan de estudos que adapta esta especialidade á Orden EDU/3498/2011. Aprobouse na Comisión Académica do Máster o 18 de xullo de 2012, no Consello de Goberno da USC o 9 de novembro de 2012 e no Consello Social o 13 de novembro. Por acordo da Comisión Académica de 19/02/2013 decidiuse non implantalo no curso 2013-2014 debido á situación excepcional creada pola resolución reitoral de 12/09/2012 que recoñecía todos os créditos do Máster, agás os de TFM, aos licenciados en pedagogía e psicopedagogía.

**Propostas de mellora formuladas no informe do curso 2011-2012:**

*1.- Xornada de traballo sobre o Prácticum.*

Responsable: Coordinación do Máster

Celebrouse na Facultade de Ciencias da Educación o 01/04/2013 e contou coa asistencia de 55 titores e coordinadores do Prácticum en Secundaria.

Estruturouse en dous momentos: un para todos os asistentes, con intervención por parte do coordinador e unha mesa redonda seguida de debate; e outro organizado por especialidades.

Aínda que non houbo conclusións propositivas, a valoración da participación e do intercambio producido durante a sesión é moi positivo.

*2.- Mellora no recoñecemento docente para a dirección de TFM.*

Responsables: Coordinación do Máster (para tramitar a solicitude) e Vicerreitoría de Titulacións e PDI (para resolvela).

Estado: Trasladouose en reunións cos responsables académicos da USC sen conseguir ningún resultados. É unha demanda unánime do profesorado e unha urxencia apremiante, especialmente coa xeneralización en todas as titulacións dos Traballos de Fin de Grao. As responsabilidades académicas deben dar unha resposta satisfactoria a este problema.

**BOAS PRÁCTICAS:**

- Calendario de sesións informativas e de coordinación a varios niveis: co conxunto do profesorado no mes de setembro, co alumnado na inauguración do curso, cos coordinadores nos centros de secundaria antes do Prácticum 1 e co alumnado e cos supervisores da universidade antes do Prácticum 1 e do Prácticum 2.
- Enquisa aos titores de secundaria para detectar o seu grao de satisfacción co funcionamento do Prácticum e para recibir achegas.
- Elaboración e aprobación de Guías docentes do Prácticum e do Traballo de fin de máster unificadas para o campus de Santiago e de Lugo, así como dun protocolo de relación cos centros de prácticas tamén común para os dous campus.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Seguir avanzando na coordinación entre os docentes e na mellora dos programas das materias para asegurar coherencia entre o seu contido e as achegas de cada unha ás competencias previstas no Máster.
- Demandar da Vicerreitoría de Titulacións e PDI da USC maior valoración en horario docente para a titorización dos TFM e recoñecemento tamén para a participación nas comisións de avaliación dos mesmos.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Recursos humanos							
<p>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A X	Suficiente	B X	Insuficiente	C X	Ausencia de evidencias documentais	D
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p><b>Profesorado:</b></p> <p>Toda a docencia do Máster foi atendida por profesorado pertencente ás áreas de coñecemento recoñecidas na universidade, polo que se entende que cumpre todos os requisitos de cualificación e idoneidade.</p> <p>Este colectivo pertence a corpos universitarios diversos (catedráticos, titulares, contratados-doutor, axudantes-doutor e asociados), procede de distintos ámbitos científicos e unha parte importante ten experiencia en educación secundaria, o que se considera un valor moi positivo. No Informe de seguimento do curso 2011-2012 sinalábase con máis detalle o número de docentes e de áreas de coñecemento; a situación foi practicamente idéntica no curso 2012-2013.</p> <p>Tanto o número como a diversidade de procedencia do profesorado implica dificultades na xestión (compatibilidade de horarios, organización dos tribunais para os Traballos de fin de máster, etc.), pero que se resolveron sen problemas de relevancia.</p> <p>A asignación de docencia realízana os departamentos de acordo coa normativa da USC e cos seus criterios internos. A coordinación do Máster, previa aprobación en reunión da Comisión académica o 23/02/2012), trasladou ás direccións dos departamentos as seguintes indicacións orientadas a garantir a calidade da docencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Evitar unha fragmentación excesiva das materias, atendendo ás indicacións da memoria do Máster e á Normativa de Planificación Anual (aprobada o 22/12/2011) que no punto 2, páx. 17, indica "Para as titulacións de Máster recoméndase que non haxa máis de dous profesores encargados dunha materia se esta ten máis de 3 créditos e 1 profesor no caso de que teña 3 créditos ou menos. Cando esta norma non se cumpra, deberá achegarse a oportuna xustificación"</li> <li>- Necesidade de elaborar e publicar os programas de acordo co modelo oficial da USC no prazo establecido. A Comisión Académica supervisará e esixirá o cumprimento desta obriga.</li> <li>- Necesidade de que todo o profesorado con docencia nalgunha materia do Máster asuma docencia en TFM. Dada a elevada matrícula deste Máster, este é un requisito imprescindible para poder atender a todo o alumnado dunha maneira satisfactoria.</li> </ul> <p>Relacionado co anterior, considérase imprescindible conseguir por parte da Vicerreitoría de Titulacións e PDI unha maior valoración en horario docente para a titorización dos TFM e recoñecemento tamén para a participación nas comisións de avaliación dos mesmos.</p> <p><b>Titores e coordinadores de secundaria para o Prácticum:</b></p> <p>O Prácticum do alumnado do Máster desenvolveuse en 75 centros, o que supuxo a colaboración de 75 coordinadores neses centros e de 177 titores.</p> <p>A acreditación de centros e titores colaboradores do Prácticum realízaa a Consellería de Educación de acordo coa Orde do 18 de abril de 2011 (DOG do 13 de maio de 2011). Cada curso a propia Consellería fai unha convocatoria para que os centros presenten solicitudes de actualización deses datos.</p> <p>O proceso está perfectamente regulado, pero está funcionando con bastantes deficiencias por causas diversas (número de centros, cambios nas direccións deses centros, modificación por xubilacións ou traslados, etc.). A consecuencia é que se fai difícil dispor dunha nómina de coordinadores e titores totalmente fiable no comezo do Prácticum, polo que é unha situación que se debe mellorar.</p> <p>No que se refire ao nivel de implicación de coordinadores e titores, a valoración global é positiva, e o seu nivel de satisfacción tamén, tal como o demostran os resultados da enquisa que contestaron no remate do Prácticum 2 (ver resultados no criterio "Planificación das ensinanzas").</p>							

**Persoal de administración e servizos:**

O Título obxecto de seguimento comparte para a súa xestión o persoal de administración e servizos dos centros en que se desenvolve.

A falta de apoio específico para a xestión do Máster xa foi sinalada como unha debilidade en anteriores informes de seguimento, o que levou a que se formulase como proposta de mellora no do curso 2012-2013 "*conseguir reforzo de apoio administrativo e do servizo de conserxería no campus de Santiago*". As xestións realizadas permitiron conseguir ese reforzo na conserxería, pero segue sendo deficitario o apoio administrativo nos dous campus.

**Síntese valorativa:**

**O cumprimento deste criterio resulta globalmente satisfactorio no referente ao profesorado; suficiente en canto aos titores de secundaria, pola necesidade de mellora no proceso de acreditación, e insuficiente no que toca ao apoio á xestión administrativa, se ben esta última apreciación se refire ao número de persoas dispoñibles e non á súa implicación e idoneidade.**

**BOAS PRÁCTICAS:**

- Reunión informativa e de coordinación no comezo do curso co conxunto do profesorado.
- Reunións para a preparación dos Prácticum cos coordinadores nos centros de secundaria antes do Prácticum 1 e co alumnado e cos supervisores da universidade antes do Prácticum 1 e do Prácticum 2.
- Enquisa aos titores de secundaria para detectar o seu grao de satisfacción co funcionamento do Prácticum e para recibir achegas de mellora.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Demandar da Vicerreitoría de Titulacións e PDI da USC maior valoración en horario docente para a titorización dos TFM e algún recoñecemento para a participación nas comisións de avaliación dos mesmos (proposta enunciada tamén no criterio de "Planificación das ensinanzas").
- Conseguir reforzo do apoio administrativo para a xestión do Máster.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Recursos materiais e servizos							
<p>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B X	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>Na Memoria de Verificación do Título (apartado 7) identifícanse os recursos materiais e os servizos necesarios para o seu desenvolvemento.</p> <p>O contraste cos compromisos asumidos nese documento e a valoración da súa contribución ao desenvolvemento do título sintetízámola no seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O servizo de biblioteca considérase <b>suficiente</b> no que se refire a dotación e <b>satisfactorio</b> polo sistema de acceso libre de que dispón. A valoración que fixeron deste servizo os estudantes na avaliación de satisfacción realizada pola Coordinación do Máster foi de 3,55 (escala de 1 a 5)</li> <li>- Valóranse como <b>suficientes</b> os recursos informáticos no que se refire a equipamento básico, pero con reparos polas condicións dalgúns equipos, por algunhas limitacións na dispoñibilidade da aula informática e pola escaseza ou difícil acceso a ferramentas tan habituais nos centros educativos como as pizarras electrónicas . A valoración que fan os alumnos deste servizo foi de 2,85 (escala de 1 a 5)</li> <li>- O equipamento das aulas no campus de Santiago presentaba algunhas deficiencias que <b>melloraron</b> pola dotación de mesas e cadeiras en substitución das cadeiras de pá. Quizais porque as melloras se produciron en boa parte ao longo do curso 2012-2013, a valoración dos alumnos é de insuficiente (2,6) (escala de 1 a 5).</li> <li>- É bastante <b>mellorable</b> o sistema de xestión informática do Máster. Estase funcionando co programa Microsoft Excel que non responde ás esixencias da organización dun Máster destas dimensións e características.</li> </ul> <p>Tendo en conta que o Título ten dous Prácticum que supón outras tantas estadias en centros de secundaria, é necesario facer referencia neste criterio tamén á relación con servizos externos da Consellería de Educación. Como xa se indicou no criterio "Recursos humanos", o sistema de acreditación de centros e titores por parte da Consellería necesita ser mellorado.</p> <p><b>Síntese valorativa:</b></p> <p><b>Cos matices sinalados na descrición anterior, a valoración global deste criterio é de suficiente.</b></p> <p><b>BOAS PRÁCTICAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Equipamento das aulas con mesas para os estudantes en substitución das cadeiras de pá na Facultade de Ciencias da Educación.</li> </ul> <p><b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Conseguir unha ferramenta informática alternativa que facilite a xestión do Máster.</li> <li>- Actualizar o equipamento informático, con adquisición de pizarras electrónicas e/ou mellora no acceso ao seu uso.</li> <li>- Negociar coa Consellería de Educación un procedemento máis eficaz para a acreditación de centros e titores que permita dispor dunha base de datos fiable e actualizada de centros e titores antes de comezar o Prácticum.</li> </ul>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

Resultados previstos							
<p>Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A X	Suficiente	B X	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>No capítulo 8 da Memoria de Verificación do Título fíxase a seguinte previsión de resultados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Taxa de graduación: 80%</li> <li>- Taxa de abandono: 15%</li> <li>- Taxa de eficiencia: 85%</li> </ul> <p>Os resultados obtidos (ver <a href="http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidad/datcalimaster.html">http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidad/datcalimaster.html</a>) melloran claramente estas expectativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Taxa de graduación: 93,7% (datos do curso 2011-2012)</li> <li>- Taxa de abandono: 1% (datos do curso 2011-2012)</li> <li>- Taxa de eficiencia: 99%</li> <li>- Taxa de rendemento: 95,7%</li> <li>- Taxa de éxito: entre o 99,5% e o 100%, segundo especialidades (datos do curso 2011-2012)</li> <li>- Taxa de avaliación: entre o 95,5% e o 100%, segundo especialidades (datos do curso 2011-2012)</li> </ul> <p>A valoración dos estudantes reflectida na enquisa institucional de satisfacción (datos do curso 2011-2012) é relativamente satisfactoria, pero indica que hai marxe de mellora (4,82 en Santiago e 4,27 en Lugo, nunha escala de 1 a 7) (ver <a href="http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidad/datcalimaster.html">http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidad/datcalimaster.html</a>)</p> <p>Como complemento dos datos da avaliación institucional, engadimos a continuación outros derivados da avaliación realizada desde a Coordinación do Máster que axudan a unha valoración máis matizada deste criterio (escala de 1 a 5):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellora significativa no "interese por ser profesor": antes do Máster, 3,92; despois do Máster, 4,46.</li> <li>- Mellora tamén significativa no "interese por cuestións educativas": antes do Máster, 3,79; despois, 4,21.</li> <li>- Satisfacción moderada "por ter realizado o Máster": 3,06.</li> </ul> <p><b>Síntese valorativa:</b></p> <p><b>O grao de cumprimento do criterio, contrastando as previsións da MVT e as taxas obtidas, e tamén os resultados da avaliación de satisfacción do alumnado, situámolo entre suficiente e satisfactorio.</b></p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

Sistema de garantía da calidade						
<p>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.</p>						
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio						
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais
						D X
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>O grao de cumprimento do criterio de 'sistema de garantía de calidade' que se establece na Memoria do Título (capítulo 9) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade resulta satisfactorio, polo grao de concordancia existente entre ambos.</p> <p>O Informe final do Sistema de Garantía Interno da Calidade do Centro (SGIC) obtivo valoración positiva da ACSUG con data 30 de abril de 2012.</p> <p>En maio de 2013 A USC aprobou un Sistema Marco de Garantía de Calidade (<a href="http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidade/sgic-usc.html">http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidade/sgic-usc.html</a>) ao que os centros deben adaptar o seu Manual Simplificado, proceso no que están no momento de elaborar este informe</p> <p>Con todo, a complexidade deste Máster esixe activar medidas de coordinación a todos os niveis e tamén garantir unha boa colaboración con ámbitos externos á USC, en concreto, coa Consellería de Educación e cos centros de secundaria. A existencia dun convenio de colaboración entre as dúas institucións para o Prácticum facilita esta colaboración.</p> <p><b>Síntese valorativa:</b></p> <p><b>A valoración global deste criterio non é doada, porque o sistema de garantía de calidade está aprobado, pero pendente de implementación. Existe o compromiso dos centros en que se desenvolve o Máster de facelo ao longo do curso 2012-2013. A existencia de manuais xa aprobados pola ACSUG é un punto de partida positivo, pero debe traducirse en accións concretas.</b></p>						
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>						
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>						
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>		

Calendario de implantación						
<p><i>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i></p>						
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio						
Satisfactoria X	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais D
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>O título está implantado e véñse desenvolvendo desde o curso 2009-2010.</p> <p>O 18 de xullo de 2012 a Comisión Académica do Máster tramitou unha proposta de reforma da especialidade de Orientación Educativa para adaptala á Orden EDU 3498/2011, proposta que foi aprobada polo Consello de Goberno da USC o 9 de novembro de 2012 e polo Consello Social o 12 dese mesmo mes.</p> <p>Por acordo da Comisión Académica de 19/02/2013 decidiuse non implantala no curso 2013-2014 debido á situación excepcional creada pola resolución reitoral de 12/09/2012 que recoñecía todos os créditos do Máster, agás os de TFM, aos licenciados en pedagogía e psicopedagogía. Esta decisión supuxo continuar provisoriamente coa planificación das ensinanzas desta especialidade que estaban recollidas na Memoria orixinal do Máster, adiando a implantación da nova especialidade para o curso 2014-2015.</p> <p><b>Síntese valorativa:</b></p> <p><b>O cumprimento deste criterio considérase satisfactorio.</b></p>						
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>						
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>						
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS			XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			



#### 4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO.

**Nota aclaratoria:**

O Informe de seguimento do curso 2011-2012 non foi informado pola ACSUG. Isto significa que as recomendacións ás que se responde son as do informe 2010-2011 e as accións derivadas das mesmas son as levadas a cabo durante o 2011-2012 e o 2012-2013.

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
Especificar o número máximo de créditos susceptibles de seren transferidos e recoñecidos.	<p>Na contestación a esta recomendación a Comisión redactora da memoria do título argumentaba, que coa información dispoñible naquel momento, non era posible establecer ese límite, polo que se asumía a normativa da USC.</p> <p>Esta normativa de carácter xeral é a que segue rexendo na actualidade, complementada co que establece o artigo 6 do Real Decreto 861/2010 que fixa un máximo do 15% do total de créditos do Título para seren recoñecidos pola experiencia laboral e profesional.</p> <p>Calquera outra situación singular é abordada e resolvida pola Comisión académica.</p>

INFORMES DE SEGUIMIENTO (curso 2010-2011)	
Recomendacións establecidas no informe de seguimento de 2010-2011	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
Completar a información sobre o Traballo de fin de Máster tanto na web de Santiago como na de Lugo.	Recomendación xa atendida. As Guías do Prácticum e do Traballo de Fin de Máster están publicadas nos web dos dous centros no curso 2012-2013. A iniciativa foi da coordinación do Máster e os documentos foron referendados pola Comisión Académica.
Actualizar os datos das taxas de calidade e facilitar o acceso ás mesmas.	<p>A USC reorganizou a súa páxina web para facilitar o acceso a toda a información que fornece a institución, entre ela, a da Vicerreitoría de calidade:</p> <p><a href="http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datcalimaster.html">http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datcalimaster.html</a></p> <p>Os centros nos que se desenvolve o Título asumen o mesmo compromiso na parte que lles compete.</p>
Formúlanse carencias diversas na "Valoración de cumprimento do proxecto": detalle das titulacións de acceso nas que se detectan desaxustes coa especialidade do Máster e falta de concreción nalgúns datos da organización académica ou da idoneidade do profesorado.	<p>A moitas delas dábase contestación xa no Informe de 2011-2012 e esas explicacións complétanse no actual do 2012-2013. En concreto:</p> <p>a) Explícase a dificultade para garantir unha correspondencia total entre as titulacións de acceso e as especialidades do Máster, á vez que se deixa constancia das medidas tomadas ou previstas para mellorar esta situación.</p> <p>b) Detállase a composición do profesorado do Máster atendendo ás súas áreas ou ámbitos de procedencia, cuestión que consideramos máis relevante ca o seu rango administrativo.</p> <p>c) Sinálanse accións levadas a cabo en relación co</p>

	<p>Prácticum, tanto na definición e publicidade da súa Guía docente como no protocolo de relación cos centros e titores de secundaria, que funciona xa de forma unificada nos dous centros nos que se imparte o título.</p>
<p>Dentro do apartado "Valoración do cumprimento do proxecto" fanse recomendacións tamén sobre o Prácticum no sentido de establecer vínculos entre o Título e os centros de secundaria.</p>	<p>Esta recomendación atendeuse a través de dúas fórmulas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) As reunións de coordinación cos representantes dos centros de secundaria, previo ao comezo do Prácticum.</li> <li>b) A enquisa aos titores sobre satisfacción e detección de problemas no desenvolvemento do Prácticum (ver datos na reflexión sobre "Planificación das ensinanzas" deste Informe.</li> <li>c) A Xornada de traballo con titores que se realizou o 01/04/2013, da que se dá conta no criterio "Competencias e Obxectivos".</li> </ul> <p>A información extraída destas accións orientou aspectos importantes da Guía do Prácticum e do protocolo de relación entre a universidade e os centros de prácticas.</p>
<p>Prescindir da descrición de boas prácticas que corresponden a actividades habituais nun contexto de ensinanza-aprendizaxe</p>	<p>Enténdese esta recomendación, pero mantéñense algunhas delas no Informe actual, porque se quere deixar constancia de que son accións de mellora que se realizan. Non sempre o que debe ser habitual e necesario se corresponde coa práctica real.</p>

**5.- PROPOSTAS DE MELLORA.**

<b>ACCIÓNS DE MELLORA nº 1</b>				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>AM-01</b>	
		<b>Tipo</b>	<b>AM</b>	
	<b>Orixe</b>	<b>Orixe acción</b>	<b>Informe seguimento</b>	
		<b>Descrición orixe</b>	<b>Proposta de mellora formulada no Informe de seguimento a partir da avaliación interna de satisfacción do alumnado.</b>	
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	<b>No seguimento e avaliación do Título detectáronse deficiencias na coordinación da docencia. O elevado número de materias do Máster e a súa adscrición a áreas de coñecemento diversas obriga a unha coordinación rigorosa para evitar desaxustes ou solapamentos.</b>	
		<b>Definición/ descrición proposta</b>	<b>Mellorar a coordinación entre os programas das materias e entre os docentes responsables de impartilas para asegurar coherencia no seu contido e nas achegas de cada unha ás competencias previstas no Máster</b>	
		<b>Data prevista de finalización</b>	<b>25 de setembro de 2014 (antes do comezo do curso 2014-2015)</b>	
		<b>Data inicio</b>	<b>Xaneiro de 2014</b>	
<b>Responsables</b>	<b>Usuario responsable da implantación</b>	<b>Coordinador/a do Máster Comisión Académica Coordinadores de módulos/especialidades</b>		
	<b>Outros responsables da implantación</b>	<b>Os mesmos, xunto co conxunto do profesorado que participa na docencia do Máster</b>		
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	<b>AM 1- 1</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>	<b>Coordinación interna de módulos e especialidades: Análise dos programas do curso 2012-2013 por módulos / especialidades</b>		
	<b>Data prevista de finalización</b>	<b>30 de abril de 2014</b>		
	<b>Persoa responsable</b>	<b>Coordinador/a xeral do Máster e coordinadores de módulo ou especialidade</b>		
	<b>Usuario responsable</b>	<b>Coordinadores de módulo ou especialidade</b>		
<b>Subtarefa 1</b>	<b>Código</b>	<b>AM 1 - 1 - 1</b>		

	<b>Descrición tarefa</b>	<b>Reunión do coordinador/a do Máster cos coordinadores de módulo e especialidade para fixar calendario e criterios de actuación</b>
	<b>Data prevista de finalización</b>	<b>30 de xaneiro de 2014</b>
	<b>Persoa responsable</b>	<b>Coordinador/a do Máster</b>
	<b>Usuario responsable</b>	<b>Coordinadores de módulo ou especialidade</b>
<b>Subtarefa 2</b>	<b>Código</b>	<b>AM 1- 1 - 2</b>
	<b>Descrición tarefa</b>	<b>Sesións de traballo dos coordinadores de módulo e especialidade co profesorado de cada un para analizar os programas e asegurar a súa coherencia.</b>
	<b>Data prevista de finalización</b>	<b>30 de abril de 2014</b>
	<b>Persoa responsable</b>	<b>Coordinadores de módulo e especialidade</b>
	<b>Usuario responsable</b>	<b>Profesorado de cada módulo e especialidade</b>
<b>Tarefa 2</b>	<b>Código</b>	<b>AM 1- 2</b>
	<b>Descrición tarefa</b>	<b>Coordinación do Prácticum: Xornadas de formación con titores do Prácticum</b>
	<b>Data prevista de finalización</b>	<b>31 de marzo de 2014</b>
	<b>Persoa responsable</b>	<b>Coordinador/a xeral do Máster e coordinadores de módulo ou especialidade</b>
	<b>Usuario responsable</b>	<b>Titores do Prácticum en Secundaria e profesorado dos distintos módulos e especialidades do Máster</b>
<b>Tarefa 3</b>	<b>Código</b>	<b>AM 1- 3</b>
	<b>Descrición tarefa</b>	<b>Coordinación entre os módulos xenérico e específico: Información e discusión entre os distintos bloques para concretar a achega de cada un á formación dos estudantes e asegurar a súa complementariedade</b>
	<b>Data prevista de finalización</b>	<b>25 de setembro de 2014 (antes do comezo do curso 2014-2015)</b>

	<b>Persoa responsable</b>	<b>Coordinador/a xeral do Máster e coordinadores de módulo ou especialidade</b>
	<b>Usuario responsable</b>	<b>Profesorado dos distintos módulos e especialidades do Máster</b>
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	
	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

<b>ACCIÓNS DE MELLORA nº 2</b>				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>AM 2</b>	
		<b>Tipo</b>	<b>AM</b>	
	<b>Orixe</b>	<b>Orixe acción</b>	<b>Informe seguimento</b>	
		<b>Descrición orixe</b>	<b>Proposta de mellora formulada no Informe de seguimento</b>	
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	<b>É difícil adscribir de xeito satisfactorio a diversidade de titulacións que dan acceso ao Máster ao limitado número de especialidades/itinerarios que se ofertan. Esta dificultade obsérvase especialmente na especialidade de Formación Profesional, polo que se fai necesario analizar posibles cambios.</b>	
		<b>Definición/ descrición proposta</b>	<b>Revisión da adscripción entre titulacións universitarias e especialidades do Máster, especialmente na de Formación Profesional</b>	
		<b>Data prevista de finalización</b>	<b>31 de maio de 2014 para poder incorporar os cambios á resolución reitoral de admisión para o curso 2014-2015</b>	
		<b>Data inicio</b>	<b>1 de marzo de 2014</b>	
	<b>Responsables</b>	<b>Usuario responsable da implantación</b>	<b>Comisión Académica Comisión de Coordinación Coordinador/a do Máster</b>	
		<b>Outros responsables da implantación</b>	<b>(os mesmos)</b>	
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	<b>AM 2 - 1</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>	<b>Análise na Comisión Académica do Máster e traslado de acordos á Comisión de Coordinación e ao SXOPRA para incorporar os cambios á R.R. de admisión no Máster</b>		
	<b>Data prevista de finalización</b>	<b>31 de maio de 2014</b>		
	<b>Persoa responsable</b>	<b>Coordinador/a xeral do Máster</b>		
	<b>Usuario responsable</b>	<b>Membros da Comisión Académica Membros da Comisión de Coordinación</b>		
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>			

	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

<b>ACCIÓN DE MELLORA nº 3</b>				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>AM-03</b>	
		<b>Tipo</b>	<b>AM</b>	
	<b>Orixe</b>	<b>Orixe acción</b>	<b>Informe seguimento</b>	
		<b>Descrición orixe</b>	<b>Proposta de mellora formulada no Informe de seguimento (Criterios "Planificación das ensinanzas" e "Recursos humanos")</b>	
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	<b>As obrigas do profesorado relacionadas coa titoría e avaliación dos TFM non poden ser atendidas satisfactoriamente co recoñecemento docente actual.</b>	
		<b>Definición/ descrición proposta</b>	<b>Demandar da Vicerreitoría de Titulacións e PDI un maior recoñecemento docente para a función de titor/a de TFM e algunha consideración horaria tamén para a participación nas comisións de avaliación.</b>	
		<b>Data prevista de finalización</b>	<b>15 de marzo de 2014</b>	
		<b>Data inicio</b>	<b>15 de xaneiro de 2014</b>	
	<b>Responsables</b>	<b>Usuario responsable da implantación</b>	<b>Vicerreitoría de Titulacións e PDI</b>	
		<b>Outros responsables da implantación</b>	<b>Coordinación do Máster (para a súa tramitación)</b>	
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	<b>AM 3 - 1</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>	<b>Tramitación petición por parte da Coordinación do Máster de forma argumentada e coa información pertinente</b>		
	<b>Data prevista de finalización</b>	<b>15 de marzo de 2014</b>		
	<b>Persoa responsable</b>	<b>Coordinación do Máster</b>		
	<b>Usuario responsable</b>	<b>Vicerreitoría de Titulacións e PDI</b>		



<b>ACCIÓN DE MELLORA nº 4</b>			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>AM 4</b>
		<b>Tipo</b>	<b>AM</b>
	<b>Orixe</b>	<b>Orixe acción</b>	<b>Informe seguimento</b>
		<b>Descrición orixe</b>	<b>Proposta de mellora formulada no Informe de seguimento (criterio "Recursos materiais e servizos")</b>
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	<b>Deficiencias na base de datos de centros e titores acreditados que facilita a Consellería de Educación</b>
		<b>Definición/ descrición proposta</b>	<b>Negociar coa Consellería de Educación un procedemento máis eficaz para a acreditación de centros e titores que permita dispor dunha base de datos fiable e actualizada de centros e titores antes de comezar o Prácticum.</b>
		<b>Data prevista de finalización</b>	<b>30 de xuño de 2014)</b>
		<b>Data inicio</b>	<b>1 de marzo de 2014</b>
<b>Responsables</b>	<b>Usuario responsable da implantación</b>	<b>Coordinador/a do Máster</b>	
	<b>Outros responsables da implantación</b>	<b>Coordinadores do Máster noutras universidades Responsables do tema na Consellería de Educación</b>	
<b>Tarefa 1</b>	<b>Código</b>	<b>AM 4 - 1</b>	
	<b>Descrición tarefa</b>	<b>Reunión cos coordinadores do Máster nas outras universidades galegas para analizar problemas e propoñer solucións</b>	
	<b>Data prevista de finalización</b>	<b>30 de marzo de 2014</b>	
	<b>Persoa responsable</b>	<b>Coordinador/a do Máster</b>	
	<b>Usuario responsable</b>	<b>Coordinadores do Máster das universidades galegas</b>	
<b>Tarefa 2</b>	<b>Código</b>	<b>AM 4 - 2</b>	

	<b>Descrición tarefa</b>	<b>Reunión dos coordinadores do Máster das universidades galegas con responsables da Consellería de Educación para trasladar o problema e achegar propostas de solución</b>
	<b>Data prevista de finalización</b>	<b>31 de maio de 2014</b>
	<b>Persoa responsable</b>	<b>Coordinador/a do Máster</b>
	<b>Usuario responsable</b>	<b>Coordinadores do Máster das universidades galegas e representantes da Consellería de Educación</b>
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	
	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.